



1 de decembro de 2008

Curso 2008/09 nº 11

boletin@edu.xunta.es



Primeiro premio nacional para o centro San Xoán de Filgueira

O CEIP San Xoán de Filgueira, de Ferrol, acaba de ser galardoado co Primeiro Premio Nacional de Boas Prácticas de Convivencia 2008, convocado polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte. Este centro ten unha

ampla traxectoria traballando pola mellora da convivencia escolar e a consecución dunha sociedade comprometida cos valores. O CEIP San Xoán de Filgueira está a traballar no ámbito Valora Interculturalidade.



Webs recomendados

- [Sinalización das dependencias nos centros educativos en varios idiomas](#)
- [Secuencias didácticas hábitos saudables](#)
- [Concellos saudables](#)
- [Asociación galega de dislexia](#)
- [Save the children](#)

Programa audiovisual nas aulas

Ábrese a nova convocatoria do programa Audiovisual nas Aulas 200. O seu obxectivo prioritario é contribuir a un maior coñecemento do audiovisual galego en todas as súas

modalidades. Os destinatarios do programa serán 40 centros públicos de ensino non universitario ao longo do curso académico 2008/2009.

[Máis información](#)



Resolución do Programa de apertura de centros fóra do horario escolar

No [DOG nº 232](#) do venres 28 de novembro sae publicada a Orde do 26 de novembro de 2008 pola que se resolve a relación de concellos beneficiarios de subvencións para o

cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo.

Novo web de REDETIC

O Web REDETIC acaba de abrir novas seccións para unha maior difusión das experiencias dos centros no eido das tecnoloxías da información e comunicación.

- Novas actualizadas da actividade dos centros educativos de Galicia.
- Cursos abertos en liña. ([Aula](#))
- Plans e proxectos TIC dos centros piloto da Rede. ([Documentacións](#) e [mapa](#))

- Vídeos educativos nunha nova canle. ([Vídeos](#))
- Sección de colaboración na que se poden achegar ligazóns, rss, vídeos, recursos... ([Colabora](#))

Novo manual A planificación lingüística nos centros



Nova edición, revisada e corrixida, do manual *A planificación lingüística nos centros educativos*. Esta segunda edición presenta cambios significativos

nos modelos de enquisas, que farán máis doada a súa avaliación. Pode descargarse.

[Acceso](#)

Financiamento dos proxectos de fomento do uso do galego curso 08/09

Dende o luns, día 24 de novembro, na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pode consultarse a proposta de resolución de financiamento aos proxectos

de fomento do uso do galego nos centros de titularidade pública que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso 2008-2009. O prazo de recla-

mación remata o día 5 de decembro.

[Máis información](#)

I Xornadas Galegas de Dislexia

I Xornadas Galegas de Dislexia. Dislexia, Cultura e Sociedade que se celebrará o sábado 13 de decembro no salón de actos da Facultade de Ciencias da Educación, de Santiago de Compostela. As xornadas pretenden mellorar as concepcións da linguaxe escri-

ta e da dislexia para acadar unha adecuada actuación coas nenas e nenos disléxicos na aula, garantir a adquisición das competencias curriculares e evitar o risco de fracaso escolar ao que poderían verse abocados

[Máis información](#)



únete a nós!

Concesión dos premios extraordinarios de ESO

No DOG nº 232 do venres 28 de novembro sae publicada a Orde do 19 de novembro pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios

de educación secundaria obrigatoria correspondentes ao curso 2007/2008, convocada pola Orde do 17 de abril de 2008.

Rastro solidario

Rastro Solidario é unha proposta de Save the Children, enmarcada dentro do reto dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio para loitar contra a pobreza. Os Centros

de Ensinanza organizan un “día da solidariedade”, cunha actividade central, tipo mercado da solidariedade.

[Máis información](#)



III Congreso de Educación Ambiental

Está aberto o prazo de inscrición para o III Congreso de Educación Ambiental dos Centros de Ensino da Coruña, que se celebrará no mes de maio. O evento está organiza-

do polo CEIDA coa colaboración da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia,

da Deputación da Coruña, da Universidade da Coruña e dos supermercados Haley.

[Máis información](#)



Fotografías dispoñibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.

Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)

Webs temáticas

Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



Plan Valora
<http://www.edu.xunta.es/valora>



Mupega
<http://www.edu.xunta.es/mupega>



Linguas estranxeiras
<http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras>



Rede TIC de Centros
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic



Bibliotecas escolares
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



Publicacións

[LOE](#)

[Lexislación de Educación Primaria](#)

[Lexislación de Educación Secundaria](#)

[Lexislación de Bacharelato](#)

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[Plan de Convivencia](#)

[Saudíña](#)

[Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Proxectos innovación educativa 2008-09](#)

[Premios de innovación educativa 2008](#)

[Plans e actuacións innovación educativa](#)

[Medrando sans. Hábitos saudables na Educación Infantil.](#)

[¿E por que?. Prevención de accidentes infantís](#)

[Guía do sistema educativo galego \(10 idiomas\)](#)

[Guía de comunicación básica \(10 idiomas\)](#)

[Diccionario visual interactivo](#)